



BASES DO CONCURSO

TEEN ACTIVA LOCAL – Ideas tecnolóxicas con IA para o comercio de Redondela

1. OBXECTO E FINALIDADE

A Asociación de Empresas de Redondela, co apoio da Xunta de Galicia – Dirección Xeral de Comercio –, convoca o concurso **TEEN ACTIVA COMERCIO LOCAL**, unha iniciativa dirixida ao alumnado de **Bacharelato e de Formación Profesional (nos seus niveis básico, de grao medio e de grao superior)** dos centros educativos de Redondela, co fin de promover a creatividade, o pensamento innovador e o uso responsable da intelixencia artificial (IA) ao servizo do comercio local.

O concurso pretende fomentar o espírito emprendedor e tecnolóxico entre a mocidade, incentivando a xeración de ideas e proxectos que impulsen o comercio de proximidade mediante o uso de solucións dixitais baseadas en **IA ou outras tecnoloxías innovadoras**, favorecendo a dixitalización, a sustentabilidade e a mellora da experiencia de cliente no comercio local.

Este concurso é unha invitación a imaxinar solucións reais para os negocios da túa contorna, empregando tecnoloxía con propósito e imaxinar o comercio do futuro, reflectindo como a xente nova visualiza a transformación dixital, a sustentabilidade, a interacción cos clientes e os novos servizos que marcarán o comercio do futuro.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar estudantes que cumpran todos os seguintes criterios:

- Ter 16 anos cumpridos ou máis no momento da inscrición.
- Estar matriculados **Bacharelato e de Formación Profesional (nos seus niveis básico, de grao medio e de grao superior)** dos centros educativos de Redondela.
- Participar de forma individual ou en equipos (máximo 5 persoas) do mesmo centro.
- Contar con autorización escrita do centro educativo e do titor/a legal no caso de ser menor de idade.

Cada centro poderá presentar varias propostas, sempre que cumpran os requisitos anteriores.

3. TEMÁTICA DO CONCURSO

As ideas ou proxectos deberán cumprir os seguintes criterios:

- Basearse no uso de intelixencia artificial (IA) ou tecnoloxías afíns (como aprendizaxe automática, visión artificial, análise de datos, recoñecemento de patróns, recomendación de produtos, chatbots, marketing ou atención ao cliente, etc.).
- Estar orientadas ao comercio local de Redondela: promoción, dixitalización, sustentabilidade, mellora de servizos ou experiencia de cliente.
- Ser orixinais, inéditas e de autoría exclusiva do alumnado participante, podendo contar coa orientación docente.
- Non vulnerar dereitos de terceiros nin reproducir contidos protexidos sen licenza.

4. FASES E CALENDARIO

Fase 1 – Presentación de candidaturas

- Prazo límite: 30 de outubro de 2025
- Formulario de inscrición que deberá estar asinada polo/a participante ou representante do equipo, polo **centro educativo** e, no caso de menores de idade, polo/a titor/a legal.
- Documentación anexa:
 - Memoria escrita (máx. 2 páxinas)
 - Vídeo ou audio explicativo (máx. 3 minutos)
- Valorarase positivamente a creatividade na presentación.

Para a inscrición será preciso o envío da documentación completa a través de correo electrónico á dirección aer@empresasredondela.gal, asegurando que todos os formularios e anexos estean debidamente cubertos e asinados segundo as bases.

Fase 2 – Presentación de proxectos de proxectos

- Prazo límite para a presentación dos proxectos finais: 30 de abril de 2026
- Os finalistas desenvolverán a súa idea en formato de proxecto ou prototipo funcional (demo, simulación, presentación, etc.).
- Deberá remitirse a aer@empresasredondela.gal

A participación nesta fase estará condicionada ao envío completo da documentación requirida por correo electrónico á dirección aer@empresasredondela.gal. A non presentación da documentación dentro do prazo establecido suporá a desestimación automática da proposta por parte da organización.

5. XURADO

O xurado estará composto por:

- 1 persoa representante da Asociación de Empresas de Redondela
- 2 persoas externas expertas en IA, innovación ou comercio
- 1 representante por cada centro educativo participante (con voz sen voto)
- Secretaría técnica sen voto (designada pola Asociación de Empresas de Redondela)

As decisións do xurado serán motivadas, públicas e inapelables.

6. PREMIOS

Outorgarase un premio único de **500 euros**, destinado a:

- Financiar a excursión de fin de curso da **persoa/s gañadora/s** (no caso de equipos, distribuírse o importe en partes iguais entre todos os membros do grupo)
- Ser investido mediante **vales de compra en establecementos locais de Redondela asociados**.

O premio é **intransferible** e non poderá ser substituído por diñeiro en efectivo.

Ademais, poderanse conceder mencións especiais de recoñecemento público sen dotación económica, (idea máis innovadora, mellor presentación, impacto social, etc.).

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

| Criterio | Ponderación |
|--|--------------------|
| Creatividade e innovación | 25% |
| Aplicabilidade real ao comercio local | 25% |
| Viabilidade técnica e legal | 20% |
| Impacto social, ético e medioambiental | 15% |
| Calidade e claridade da presentación final | 15% |

Valorarase con carácter previo o uso ético, inclusivo e sostible da IA, conforme ao Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial.

8. PROPIEDAD INTELECTUAL E USO DE IMAXE

- A autoría das ideas e proxectos será do alumnado participante.
- Ao participar, os/as participantes **autorizan expresamente á Asociación de Empresas de Redondela a difundir publicamente os proxectos, así como a súa imaxe, nome e material audiovisual relacionado coa participación**, con fins educativos, promocionais e divulgativos, sempre sen ánimo de lucro.
- O uso de fragmentos, imaxes, vídeos ou calquera outro material audiovisual recollido no marco do concurso será autorizado mediante o **formulario de participación**, e limitarase aos fins descritos anteriormente.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

- Os datos persoais recollidos serán tratados conforme ao **Regulamento (UE) 2016/679** e á **Lei Orgánica 3/2018**, co fin exclusivo de xestionar o concurso, comunicar os resultados e difundir os proxectos finalistas.
- O responsable do tratamento é a **Asociación de Empresas de Redondela**.
- Os/as participantes poderán exercer os seus dereitos de **acceso, rectificación, cancelación, oposición** e demais dereitos previstos na lexislación vixente.
- A participación no concurso implica a **aceptación expresa desta política de uso de datos e autorización de difusión de imaxe, nome e material audiovisual** para os fins indicados.

10. LEGALIDADE E ÉTICA

Os proxectos deberán cumprir estritamente con:

- O Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial
- A lexislación sobre propiedade intelectual, protección de datos e dereitos de imaxe
- Os principios éticos de transparencia, equidade, inclusión e respecto á dignidade humana

Non se admitirán propostas que vulneren dereitos fundamentais, promovan discriminación ou incumpran a normativa vixente.

11. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra destas bases. Calquera situación non prevista será resolta pola organización, conforme a criterios de legalidade, equidade e transparencia.

A organización resérvase o dereito de introducir modificacións nas presentes bases, incluíndo cambios no calendario, na composición do xurado ou nas condicións de participación, sempre que concorran circunstancias xustificadas e se garanta a equidade do proceso. Así mesmo, poderá declarar deserto o premio se, a xuízo do xurado, ningunha das propostas presentadas cumpre cos criterios mínimos de calidade, viabilidade ou adecuación establecidos nestas bases. Calquera modificación será comunicada por correo electrónico aos centros colaboradores..